



Encontros dos centros escolares do Plan de mellora de bibliotecas escolares 2013/2014



Relatorios 27/03/2014

Sesión da mañá

Reinventarse? Retos para a biblioteca escolar no século XXI

INÉS MIRET BERNAL. Coordinadora do grupo de expertos en lectura e bibliotecas da OEI (Organización de Estados Iberoamericanos).

Consultora especializada en proxectos dixitais relacionados coa lectura, o libro e as bibliotecas. Desenvolveu proxectos de recomendación de lecturas (www.sol-com), de alfabetización informacional (<http://www.esdelibro.es/>), de creación de contornas web para bibliotecas (<http://www.bibliotecaspublicas.es/>) e de integración de obra suxeita a dereitos en bibliotecas dixitais (<http://www.dilve.es/enclave>). É codirectora da Diplomatura de posgrao “Bibliotecas escolares, cultura escrita e sociedade en rede” (da UAB, UB e OEI) e autora do Curso “Espazos de lectura” (de <http://leer.es/> e INTEF). É coordinadora do grupo de expertos en lectura e bibliotecas da OEI e coordinou os estudos de bibliotecas escolares levados a cabo en España, Arxentina, Brasil, Chile e México. Actualmente asesora plans institucionais de cultura escrita e bibliotecas en Colombia e Uruguay.

Onde está agora o foco principal da biblioteca escolar? Na sesión debateranse algunhas ideas cos asistentes, tomando como referencia os datos recentes sobre a evolución das bibliotecas escolares no noso contexto educativo (“Bibliotecas escolares en España. Dinámicas 2005-2011”).

Non hai dúbida de que existen numerosas posibilidades (recordemos que o tema que enmarcou a última conferencia de IFLA 2013 do pasado agosto foi “As bibliotecas do futuro: infinitas posibilidades”), pero para iso é necesario unha actitude de cambio. Tomo prestado o nome dun blogue mantido por un bibliotecario de Georgia (EE.UU.): The Unquiet Library (a biblioteca inqueda) é unha biblioteca activa, non asentada, intranquila, pero é tamén unha biblioteca visible, non silenciosa. En momentos de cambio, leste é quizais o mellor modo de afrontalo.

Mesa de experiencias 1: Unha biblioteca para a sociedade da información – I

- Mónica Muñoz. **CEIP Frián-Teis** (Vigo)
- Charo Sánchez. **IES Sánchez Cantón** (Pontevedra)





Relatorios 27/03/2014

Sesión da tarde

Mesa de experiencias: Unha biblioteca para a sociedade da información – II

- Asunción Carballo. CPI Manuel Suárez Marquier (O Rosal)



Plan de mellora de bibliotecas escolares. Centros de nova incorporación

- Cristina Novoa, Pilar Sampedro, José Luis Barreiro. **Asesoría de Bibliotecas escolares** (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)
 - Blog: <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>
 - Aula virtual: <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/redeBE/>
 - Sección na revista Eduga: <http://www.edu.xunta.es/eduga/revista/bibliotecas>
 - Foro do Plambe: <https://groups.google.com/forum/#!forum/plambe>

Sentido e alcance da colección da biblioteca escolar en tempos de cambio

LUIS MIGUEL CENCERRADO MALMIERCA (Bibliotecario documentalista, experto en bibliotecas para nenos e mozos). Diplomado en Biblioteconomía e Documentación pola Facultade de Tradución e Documentación da Universidade de Salamanca, especialidade de Bibliotecas.

Diploma de Premio de Grado de Diplomado de Salamanca outorgado en 1997 polo traballo fin de carreira “Análise e estudo da situación das bibliotecas escolares nos centros públicos de educación secundaria da cidade de Salamanca”,

Desde setembro de 1995 a xullo de 2013 desenvolve o seu traballo no Centro Internacional do Libro Infantil e Xuvenil da Fundación Germán Sánchez Ruipérez de Salamanca, en calidade de Coordinador do Centro de Documentación e Investigación de Literatura Infantil e Xuvenil, así como cos cargos asignados de Coordinador dos Observatorios de Lectura e selección de Materias de Lectura para nenos e novos.

Desde o curso 2001/02 ao curso 2007/08 forma parte do Departamento de Biblioteconomía e Documentación da Universidade de Salamanca en calidade de Profesor Asociado, impartindo as materias de Avaliación de Fontes de Información e Redacción e exposición de traballos de investigación, correspondentes ao currículo do primeiro e segundo curso, respectivamente, da Diplomatura de Biblioteconomía e Documentación da Facultade de Tradución e Documentación.

Sentido e alcance da colección da biblioteca escolar en tempos de cambio. Repensar os fondos da biblioteca á luz das novas contornas de aprendizaxe e cambios que experimenta o mundo do libro e a lectura. A selección como clave do valor e da utilidade dos recursos e materiais de ficción e non ficción que a biblioteca ofrece á comunidade educativa.





Relatorios 28/03/2014

Sesión da mañá

A emoción do descubrimento científico: unha ponte cara o hábito lector reflexivo

JORGE MIRA: Licenciado e doutor europeo en física. Catedrático de electromagnetismo e director do departamento de física aplicada da USC.

Membro do consello editorial da Revista Española de Física.

Director da colección de divulgación científica da editorial da USC.

Foi colaborador da Secretaría General de Política Científica y Tecnológica - Ministerio de Educación y Ciencia, para a posta en marcha do Laboratorio Internacional Ibérico de Nanotecnoloxía.

Colaborador en programas de TVE-Galicia, da Radio Galega, de Onda Regional Murcia, da Televisión de Galicia e do xornal La Voz de Galicia, onde ademais é columnista científico.

Responsable do programa ConCiencia, unha acción de divulgación científica artellada en torno á visita a Galicia de Premios Nobel ou o seu equivalente en matemática e ciencias da computación. Ao abeiro deste programa organiza ademais o Premio Fonseca de comunicación da ciencia.

Cofundador do nodo de Santiago de Compostela da rede internacional “Nerd Nite”.

Na dicotomía aplicada ao eido do saber, que conduciu ao binomio ciencias-letras, ten feito medrar o estereotipo de que a cultura só é aquilo referido ás letras.

As bibliotecas e, nomeadamente, as bibliotecas escolares, na súa condición de templos locais do saber para unha cidadanía en pleno desenvolvemento, deben axudar a rachar esta situación, ao cal contribúe a campaña “Ler ciencia na biblioteca escolar”.

Porén, na súa aplicación cómpre vixiarmos certas claves, como a sincronización co currículo escolar, a relación cos libros de texto e, sobre todo, a dificultade duns contidos cuxa comprensión vai, nalgúns casos, alén dun achegamento superficial. A devandita dificultade, se ben puider supoñer un obstáculo, pode constituír a ponte para o fornecemento dun hábito lector no que o alumnado aprenda a reflexionar sobre cada parágrafo.

Nesta conferencia intentarase achegar a idea de que ese obstáculo é superable grazas á ansia de descubrimento que é natural nunha persoa que está en pleno crecemento. Esa forza, propia da nenez e adolescencia, é o motor ao que se debe apelar para que a sensación de esforzo troque en pracer e, de paso, naza un hábito de reflexión pausada que axude tamén á mellora da comprensión lectora.

Agora ben, malia o carácter innato das gañas de descubrir, cómpre facelas agromar cunha boa tutorización do alumnado, en cuxa práctica será necesaria a busca de motivación e unha certa amenización do contido científico.





MESAS DE EXPERIENCIAS SIMULTÁNEAS

Sala Santiago	Sala 14	Sala 10	Sala 25
<p>Mesa 1 – Ciencias na biblioteca escolar – I</p> <p>Lola Iglesias CEIP de Cespón (Boiro) <i>Biblioteca e ciencias</i></p> <p>Josefa Vicario IES A Xunqueira II (Pontevedra) <i>Máis ciencia, máis cerca</i></p>	<p>Mesa 2 – Ciencias na biblioteca escolar – II</p> <p>Sonia Ces IES do Porto do Son (Porto do Son) <i>“Con brillo de cometa”. Astronomía e competencia informacional</i></p> <p>José Manuel García IES Parga Pondal (Carballo) <i>Matemáticas e outras ciencias na BE</i></p>	<p>Formando lectoras e lectores</p> <p>José María Lores IES San Paio (Tui) <i>A lectura, unha actividade social</i></p> <p>Carmen Rubio CEIP Saco e Arce (Toén) <i>A lectura no Saco e Arce</i></p>	<p>Biblioteca e competencias básicas</p> <p>Norberto Blanco CEIP Nosa Sra. de Xuvencos (Boborás) <i>Biblioteca escolar e integración da actividade docente para o desenvolvemento do Proxecto educativo de centro</i></p> <p>Aurora Ramilo CEIP de Leirado (Salvaterra de Miño) <i>Achegámonos a olería. Proxecto documental e traballo colaborativo</i></p>



Relatorios 28/03/2014

Sesión da tarde



ENCONTROS de profesorado-responsable das bibliotecas

SALAS	TEMÁTICAS	INTERVENCIÓN E COORDINACIÓN
Santiago (700 p.)	<i>Investigar ou googlear?</i>	Inés Miret
Sala 25 (140 p.)	<i>Casuística MEIGA e solucións</i>	Begoña López IES Fernando Esquíó (Neda)
Sala 14 (140 p.)	<i>Son útiles as coleccións que ofrecen as bibliotecas escolares? Que materiais e recursos precisa a escola?</i>	Luis Miguel Cencerrado
Sala 10 (70 p.)	<i>Unha biblioteca para centros específicos: CIFP – EOI – CMUS – EPA - CEE</i>	Enrique Agrelo CMUS Ferrol
Sala 12 (70 p.)	<i>Coordinación con outros programas do centro</i>	Asunción Carballo CPI Manuel Suárez Marquier (O Rosal)
Sala 15 (70 p.)	<i>Integración das ciencias e as humanidades na BE</i>	Benigno Nerga IES Alexandre Bóveda (Vigo)
Sala 22 (70 p.)	<i>Como fortalecer os contactos entre as bibliotecas da zona</i>	Laura Goldar CEIP Alexandre Bóveda. (Redondela)





O lugar da biblioteca na sociedade tecnolóxica

ANTONIO RODRÍGUEZ DE LAS HERAS: Director do Instituto de Cultura e Tecnoloxía da Universidade Carlos III de Madrid.

Foi Decano da Facultade de Humanidades, Comunicación e Documentación desa Universidade, e Director do Laboratorio do Centro EducaRed de Formación Avanzada (Fundación Telefónica).

Coordinador da Biblioteca Digital da Casa do Lector, (Fundación Germán Sánchez Ruipepé).

Director do Máster en Dirección da Empresa Audiovisual, MeDEA (15 edicións).

Subdirector do Máster en Xestión e Producción en e-Learning

Profesor na Universidade da Sorbona e na Universidade París VIII.

Premio FUNDESCO de Ensaio polo libro "Navegar pola información".

O seu traballo céntrase na reflexión sobre a sociedade que se está conformando por efecto da tecnoloxía e nos consecuentes cambios culturais e educativos e os que se deberían producir.

Ensaia desde hai anos as novas formas de escritura que necesariamente teñen que xurdir e o espazo de lectura é a pantalla.

- Web: <http://www.ardelash.es/>
- Casa del Lector: <http://casalector.fundaciongsr.com/>
- MeDEA: http://portal.uc3m.es/portal/page/portal/postgrado_mast_doct/masters/mu_dir_emp_audiovisual
- Máster en Xestión e Producción en e-Learning: <http://www.emadridnet.org/e-master>

Unha introdución orientada a facer ver como a ciencia e a técnica, a asombrosa evolución tecnolóxica en 70 anos, leváronnos a este presente de profunda transformación cultural. Seguiranlle unhas observacións e reflexións sobre a situación dunha cultura dixital que está emerxendo e o efecto que provoca nas institucións, valores e prácticas da secular cultura escrita. Para terminar cunha terceira parte de prospectiva encol das radicais transformacións que teñen que tentear nos próximos anos a educación e a biblioteca (e todo aquilo que representa) para que o desaxuste entre o ecosistema social, afectado criticamente pola cultura dixital, e o sistema educativo non leve a unha grave disfunción.



<http://www.edu.xunta.es/web/cafi/761>



centro autonómico
de formación e innovación

Bibliotecas
escolares
de Galicia

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>

